

# Festas do Verán de Vimianzo

CEDIDA

## Saúdo da alcaldesa

Queridos veciños e veciñas de Vimianzo:

Cunha gran ilusión e ledicia escribo, un ano máis, estas liñas para darlle a benvida ás festas patronais de Vimianzo, un dos momentos máis esperados do ano. As nosas rúas énchense de vida, de música e de emoción por compartir momentos tan especiais cos nosos seres queridos.

Vimianzo convértese, durante estes días, nun lugar no que os reencontros son os protagonistas: coas nosas familias, cos amigos de sempre, cos veciños e veciñas... Nun lugar no que rir, bailar, cantar e, en definitiva, celebrar.

As festas na honra a San Roque e a Virxe do Carme son moito máis ca unha tradición: son o reflexo da nosa identidade, da maneira de compartir e celebrar o que somos.

Cada ano, estacita é como un sopro de aire fresco que nos permite desconectar da rutina e revivir vellos costumes ao mesmo tempo que creamos novas lembranzas que transmitiremos de xeración en xeración.

Por iso, quero agradecer a todas as persoas que fan posible que estas festas

sexan unha realidade ano tras ano. En primeiro lugar, á Comisión de festas polo seu esforzo constante e polo traballo que levan ao cabo ao longo de todo o ano. Sen a súa dedicación e empeño nada disto sería posible.

Tamén quero recoñecer o labor dos corpos de seguridade e dos equipos de limpeza, mantemento e servizos básicos. Grazas ao seu bo facer e dedicación, podemos vivir estes catro días de festa con seguridade e comodidade.

E, por suposto, grazas a vós, veciños e veciñas, polo enorme entusiasmo que ano tras ano poñedes nesta festa. Sodes o corazón desta celebración, quen lle dá vida a cada acto e quen mantén viva a tradición.

Deséxovos unhas festas inesquecibles, cheas de alegría e ledicia. Desexo que celebremos con intensidade, sempre desde o respecto, e que sigamos facendo das festas de agosto un símbolo de Vimianzo. Felices festas!

MÓNICA RODRÍGUEZ.

ALCALDESA DE VIMIANZO



A rexidora de Vimianzo, Mónica Rodríguez.

**VIMIANZO**  
FESTAS DE AGOSTO 2025

**VENRES 8** Gran verbena a cargo da orquestra  
**PARÍS DE NOIA**  
e o grupo **MÁSTER**

**SÁBADO 9** Pasarrúas coa Banda de Música de Ponteceso e Trubisquiñas  
13:00 h misa cantada na honra da Virxe do Carme  
Sesión vermú con **dúo D'FESTA**  
Espectacular verbena coa orquestra  
**PANORAMA**  
e a DISCOTECA MÓVIL **FULL**

**DOMINGO 10** Pasarrúas con grupo de gaitas Os Farrapos de Cesullas  
13:00 h. misa na honra de San Roque  
Sesión vermú con **VENEGUAY**  
Verbena con **NOVO CAMPO DA FESTA (XUNTO A CASA DA CULTURA)**  
**LA FÓRMULA PRINCIPAL**  
e a orquestra

**LUNS 11**  
**DÍA DO NENO**  
NA PLAZA DO GONCALO

ROKNO  
COLABORA  
ORGANIZA  
COMISIÓN DE FESTAS DE  
VIMIANZO

**VIMIANZO 25**  
VISITAS GUIADAS PATRIMONIO DE VIMIANZO  
AGOSTO  
CASTELO DE VIMIANZO  
MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO

Visitas guiadas    Visitas teatralizadas

DE MARTES A VENRES	DOMINGO
11:00 H	12:30 H
19:00 H	17:00 H

SÁBADO	DOMINGO
17:00 H	19:00 H
19:00 H	

**BATÁNS E MUIÑOS DO MOSQUETÍN DE MARTES A VENRES 12:15 H/13:15 H**  
**DOLMEN PEDRA CUBERTA MÉRCORES 16:30 H**  
**CASTRO DAS BARREIRAS XOVES 16:30 H**  
**PORTO DE CEREXO VENRES 16:30 H**

**O CASTELO ESTÁ PECHADO OS LUNS**  
Información: [www.vimianzo.gal/turismo](http://www.vimianzo.gal/turismo)  
V. teatralizada: ata completar aforo  
V. guiadas: 25 persoas/visita  
Inscripción: <https://forms.gle/dEDfNcQubgcEKjgr7>  
Prezo: GRATIS

**AGOSTO:**  
3, 10, 17, 24, 31  
**SETEMBRO:**  
7, 14  
**HORARIOS:**  
12:30 H  
17:00 H  
**LUGAR:**  
CASTELO DE VIMIANZO

**INSCRIPCIÓN**

**CASTELO DE VIMIANZO 2025**  
Información: [www.vimianzo.gal/turismo](http://www.vimianzo.gal/turismo)  
Teléfono: 981 71 63 54  
Ligazón: <https://forms.gle/XETfcvV41nBnncw6>  
Idade: persoas adultas e menores acompañados  
Prezo: GRATIS

Deputación DA CORUÑA  
mira Qviboo  
CDAPE

## Festas de Verán de Vimianzo

TURISMO.GAL

# Vimianzo, tesouro do patrimonio histórico de Galicia

A Ruta dos dolmens é unha das actividades máis atractivas para os turistas máis curiosos

### Iago Rodríguez

Vimianzo é un municipio cheo de historia que é continuamente coitado e mantido para que tanto as súas construcións máis antigas e asombrosas, coma os seus elementos etnográficos máis interesantes, non perdan chisco da súa riqueza e poida seguir sendo coñecida polas futuras xeracións.

Un bo exemplo disto é o Castelo de Vimianzo. Unha infraestrutura creada pola estirpe Mariño de Lobeira a finais do século XII composto por tres torres defensivas rectangulares, situadas arredor dun patio de armas, e a torre do homenaxe, zona que servía como residencia do señor. No seu interior alberga un museo etnográfico de interese.

### Restos megalíticos

O municipio coruñés conserva restos prehistóricos, creados entre o 4.000 e o 2.000 antes de cristo de cordo a expertos na materia.

Por este motivo, para que os veciños e os turistas que visiten Vimianzo poidan coñecer máis sobre como era a vida e a cultura dos nosos antepasados, o Concello decidiu organizar a Ruta dos dolmens, unha actividade que se pode facer a pé, en bicicleta, en moto ou en coche en función do tempo e a dispoñibilidade dos participantes, e que se organiza cada xoves de verán.

Estas visitas guiadas recorren as

construcións megalíticas máis representativas da zona nun itinerario circular, cuxa duración completa chega ás tres horas e media.

Os xacementos nos que se centra a actividade para que os guías expliquen aos participantes a súa historia son: Pedra Cuberta, Pedra Moura, Pedra Lebre, Arca da Piosa, Pedra da Arca, Arca de Rabós, Casota de Freáns, Arquíña de Vilaseco e Mina de Recesindes.



Vista aérea do Castelo de Vimianzo.



Imaxe do dolmen de Pedra Moura.

**(FC) Ferrín - Costa**  
Autocares Ferrin - Costa, s.l.  
Lg. de Caxadas, nº 21 - VIMIANZO (A Coruña) - T. 616 664 942

**Asesoría Luis Fernando**  
Fiscal | Laboral | Contable | Seguros  
C/ Blanco Rajoy, 28 - 1º  
15129 - Vimianzo - T. 981 716 501 - 981 717 200  
E. 981 717 201 - Móvil: 669 880 470  
asesor@luisfernando@gmail.com

**Casal Fruit**  
C/ Antonio Vázquez Mouzo, 23 baixo  
Vimianzo (A Coruña)  
T. 981 71 66 81 • info@salgadofrutas.com

**FRUTAS SALGADO**  
T. 981 717 142  
T/F. 981 716 508 Ponterroda  
15129 - VIMIANZO (A Coruña)

**Aquí nacemos. Aquí medramos. Aquí seguimos.**  
**GERCA** Décadas creando emprego de calidade e apostando polo futuro de Vimianzo.  
981 716 131 / 688 950 123 | info@gerca.net | Parque empresarial de Vimianzo